



Dossier-resumo das axudas Leader 2014-2020

GDR Ulla Tambre Mandeo

USO INTER



ÍNDICE

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN DO GDR ULLA TAMBRE MANDEO.....	3
2. CALENDARIO DE XESTIÓN DAS AXUDAS.....	3
3. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS.....	4
4. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS DO LEADER 2014-2020	4
5. GASTOS SUBVENCIONABLES	5
6. GASTOS NON SUBVENCIONABLES.....	6
7. FICHAS DE ELIXIBILIDADE.....	7
FICHA DE ELIXIBILIDADE I. INVESTIMENTOS NO SECTOR DA PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA (proxectos productivos)	7
FICHA DE ELIXIBILIDADE II. INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS (proxectos productivos)	7
FICHA DE ELIXIBILIDADE III. INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS (proxectos productivos).....	8
FICHA DE ELIXIBILIDADE IV. INVESTIMENTOS QUE SUPOÑAN A DIVERSIFICACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS CARA ACTIVIDADES NON AGRARIAS (proxectos productivos)	8
FICHA DE ELIXIBILIDADE V. INVESTIMENTOS QUE SUPOÑAN A CREACIÓN, MODERNIZACIÓN OU AMPLIACIÓN DE TODO TIPO DE EMPRESAS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NON AGRARIAS (proxectos productivos)	8
FICHA DE ELIXIBILIDADE VI. INVESTIMENTOS EN PROXECTOS NON PRODUCTIVOS	9
8. LIMITACIÓN S SECTORIAIS.....	10



GDR ULLA TAMBRE MANDEO

Avda Lugo 41, Pedrouzo-Arca, 15821 Pino

Teléfono: 981 511 377

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN DO GDR ULLA TAMBRE MANDEO.

O ámbito xeográfico de actuación do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo comprende nove concellos da provincia da Coruña: Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Touro e Vilasantar.

2. CALENDARIO DE XESTIÓN DAS AXUDAS.

O calendario de xestión das axudas da medida Leader 2014-2020 xestionado polo GDR Ulla Tambre Mandeo, para a medida 19.2, será o seguinte:

Data inicial de solicitudes: desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria de Agader. No 2017, desde o 31 de xaneiro.

Data final de admisión de solicitudes para a primeira proposta anual de selección de proxectos: **31 de marzo de cada ano.**

Data final de admisión de solicitudes para a segunda proposta anual de selección de proxectos: **31 de maio de cada ano.**

Data final para a primeira proposta anual de selección de proxectos pola Xunta Directiva: **30 de xuño de cada ano.**

Data final para a segunda proposta anual de selección de proxectos pola Xunta Directiva: **31 de agosto de cada ano.**

Data final de xustificación dos investimentos: **15 de outubro de cada ano.**

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través de formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. **A presentación electrónica será obrigatoria para:** as persoas xurídicas de carácter privado, as entidades públicas de carácter local ou comarcal e tamén para as comunidades de montes e as súas mancomunidades.

As persoas físicas, non obrigadas á presentación electrónica, poderán presentar as súas solicitudes presencialmente no rexistro das oficinas do GDR Ulla Tambre Mandeo de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00.

Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo

Avda. de Lugo, 41 Pedrouzo-Arca. 15821 O Pino

Teléfono: 981 511 377

Correo electrónico: utm23gdr@yahoo.es

www.ullatambremandeo.blogspot.com

3. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS.

Poderán solicitar e obter unha axuda do Leader Ulla Tambre Mandeo:

- As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios así como as entidades dependentes dos anteriores.
- As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e as súas Mancomunidades.

Para poder optar á axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ✓ Estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
- ✓ Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- ✓ Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento nº (CE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
 - 1º) Empregar menos de 50 persoas
 - 2º) Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual non exceda de 10 millóns de euros.De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado anexo I do Regulamento 651/2014. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
- ✓ Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade.

4. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS DO LEADER 2014-2020

Con carácter xeral, os proxectos que soliciten as axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

- ✓ Estar localizados no ámbito xeográfico de actuación do GDR Ulla Tambre Mandeo.
- ✓ Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- ✓ Axustarse a normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos.
- ✓ Non estar iniciados na data de presentación da solicitude de axuda.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto, sempre que o seu valor non exceda o do valor normal de mercado. En particular, son subvencionables:

- a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, deberán cumprirse certos condicionantes, ademais, a porcentaxe subvencionable non poderá superar o 50% do total dos gastos subvencionables.
- b) Adquisición de terreos ata o límite do 10% do total dos gastos subvencionables, co cumprimento de certos condicionantes.
- c) Adquisición de maquinaria e equipamento novos.
- d) Investimentos intanxibles como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos, así como a creación de páxinas web, estudos e publicacións.
- e) Custos xerais vinculados ós gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, asesoramento sobre a sustentabilidade ambiental ou económica, incluídos os estudos de viabilidade. Os custos xerais descritos neste apartado non poderán superar o 12% do custo total subvencionable das operacións de investimento a que estean vinculados.
- f) Gastos notariais e rexistrais derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marca rexistradas. A suma dos gastos sinalados nos apartados e) e f) non poderá superar o 20% do conxunto de gastos subvencionables.
- g) Medios e equipos de transporte.
 - a. En proxectos produtivos, nos seguintes termos:
 - i. Adquisición de vehículos de transporte afectos en exclusiva a actividades empresariais ou profesionais, en proxectos que dean lugar ó inicio dunha actividade económica.
 - ii. Gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento do proxecto, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.
 - b. En proxectos non produtivos, poderán subvencionarse os gastos de adquisición ou da adecuación de vehículos de transporte que estean asociados á prestación de servizos sociais básicos como a atención a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con mobilidade reducida, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.
 - c. Non se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos de transporte no sector do transporte.

6. GASTOS NON SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, non son subvencionables:

- ✘ Os investimentos de reparación e mantemento das instalacións, así como a reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria diferenciados dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25% (que deberá xustificarse cun informe dun técnico ou organismo debidamente autorizado).
- ✘ O IVE recuperable polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.
- ✘ Os gastos de funcionamento da operación subvencionada e material funxible en xeral.
- ✘ Maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- ✘ A execución por medios propios, o traballo voluntario non remunerado ou man de obra propia, así como os materiais de igual procedencia.
- ✘ Os intereses debedores das contas bancarias.
- ✘ Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, coa excepción dos custos xerais vinculados a gastos de investimento.
- ✘ Os investimentos que substitúan outros que fosen financiados polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen, polo menos 5 anos, contados desde a data da realización do investimento.
- ✘ Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición sexa financiada polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos, contados desde a data de realización do investimento.
- ✘ Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.
- ✘ Os gastos de procedementos xudiciais.
- ✘ A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.
- ✘ Os conceptos de “gastos xerais” e “beneficio industrial”, agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas forme parte do prezo de licitación do acordo coa normativa de contratación administrativa.
- ✘ Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación de servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 95 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- ✘ Os proxectos de sinalización territorial.
- ✘ Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante, así como as obras de simple ornamentación.
- ✘ Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

7. FICHAS DE ELIXIBILIDADE

As fichas de elixibilidade establecidas neste capítulo reflicten as particularidades e requisitos específicos de admisibilidade aplicables a cada unha das tipoloxías de proxectos que son subvencionables.

FICHA DE ELIXIBILIDADE I. INVESTIMENTOS NO SECTOR DA PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA (proxectos produtivos)

- Proxectos subvencionables
 - Investimentos en explotacións agrarias en funcionamento que se refiran á mellora da súa eficiencia enerxética e/ou ó emprego de fontes de enerxía renovables. A mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria deberá quedar acreditada mediante un plan empresarial xunto cun informe emitido por un técnico competente ou cunha auditoría enerxética. A redución dos custos derivados da mellora enerxética da explotación deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40%.
 - Pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000€ de investimento total elixible, que supoñan o inicio dunha implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto.

FICHA DE ELIXIBILIDADE II. INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS (proxectos produtivos)

- Proxectos subvencionables:
 - Investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización de empresas destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os recollidos no Anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca. Tamén se incluírán nesta ficha de elixibilidade os investimentos relativos a procesos de transformación nos cales interveñan produtos non incluídos no Anexo I do Tratado cando estes supoñan un compoñente menor do produto final (non supere o 15% do peso total do produto final)
 - Unicamente serán elixibles os proxectos nos cales o importe total dos investimentos subvencionables non exceda a contía máxima que, por razóns de coherencia e complementariedade entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia, estableza o PDR para esta tipoloxía de proxectos (30.000 €)
 - Será necesario dispor de rexistro sanitario e/ou cumprir a normativa de benestar animal, no caso de empresas xa existentes, ou acreditar este cumprimento tras a execución do proxecto; para poder ser beneficiario.

FICHA DE ELIXIBILIDADE III. INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS (proxectos produtivos)

- Proxectos subvencionables
 - Investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan anteriores á primeira transformación industrial. Os investimentos incluídos nesta ficha de elixibilidade unicamente serán subvencionables no caso de que estean dirixidos á produción de quebrado de madeira e/ou pellets para a xeración de enerxía e/ou fonte de calor. Poderán incluír a corta, descascadura, torado, almacenamento, tratamento de protección e secado e outras operacións de traballo anteriores á primeira transformación industrial da madeira.

FICHA DE ELIXIBILIDADE IV. INVESTIMENTOS QUE SUPOÑAN A DIVERSIFICACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS CARA ACTIVIDADES NON AGRARIAS (proxectos produtivos)

- Proxectos subvencionables
 - Proxectos que impliquen o inicio ou mellora dunha actividade produtiva complementaria da propia actividade agraria que se desenvolva na explotación agraria, tales como:
 - Elaboración e venda de produtos artesanais.
 - Agroturismo: acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria de cara a ofrecer servizos turísticos como actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura e natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia. Os investimentos que impliquen a creación de prazas de aloxamento estarán supeditadas ás limitacións sectoriais (Acordo de Colaboración entre Agader e a Axencia de Turismo)
 - Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
 - Prestación de servizos á poboación.

FICHA DE ELIXIBILIDADE V. INVESTIMENTOS QUE SUPOÑAN A CREACIÓN, MODERNIZACIÓN OU AMPLIACIÓN DE TODO TIPO DE EMPRESAS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NON AGRARIAS (proxectos produtivos)

- Proxectos subvencionables
 - Poderán subvencionarse proxectos que supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ó da produción agraria primaria.

- Entenderase por creación a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda (acreditado por un CNAE distinto na nova actividade)
- Entenderase por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.
- Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existente, ou parte deles mesmos, por un edificio ou por outra máquina nova, unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25% con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.

FICHA DE ELIXIBILIDADE VI. INVESTIMENTOS EN PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

- Proxectos subvencionables
 - Poderán subvencionarse proxectos que teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ó conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.
 - A subvencionalidade dos proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, sempre que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta.
 - Tamén serán subvencionables, entre outros, os proxectos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala.
- Financiamento
 - Intensidade da axuda entre un mínimo do 30% e un máximo do 90% do investimento total subvencionable. O importe estará limitado a un máximo de 200.000 €, non obstante poderán acadarse os 250.000 € no caso de que o proxecto non deba ampararse no Regulamento UE 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo ás axudas minimis e sempre que Agader o autorice expresamente.
 - No GDR Ulla Tambre Mandeo, serán proxectos de prioridade ALTA, financiados entre un 50% e un 90% do investimento subvencionable, os recollidos para o Leader Galicia 2014-2020, incluíndo a poboación infantil como prioritaria dentro dos servizos de igualdade e benestar á poboación, e, ademais, os produtos turísticos.

- Proxectos non produtivos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
 - A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).
 - Creación de produtos turísticos estruturados, que melloren e amplíen as vivencias dos turistas, e que teñan como eixe fundamental un dos recursos patrimoniais recollidos como prioritarios na estratexia. Poderanse financiar rutas de sendeirismo sempre e cando estean homologadas.
- No GDR Ulla Tambre Mandeo, serán proxectos de prioridade MEDIA, financiados entre un 40% e un 70% do investimento subvencionable, os seguintes:
 - Aqueles proxectos relacionados coa valorización dos produtos agroalimentarios do territorio, o Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou os produtos ecolóxicos.
 - Aqueles que supoñan a promoción de expresións artísticas actuais. Exclúese a arquitectura, por motivos orzamentarios.
 - Creación de produtos turísticos estruturados, que melloren ou amplíen as vivencias dos turistas, e que teñan como eixe fundamental outros recursos turísticos do territorio (distintos dos recollidos como prioritarios na estratexia). Poderanse financiar rutas de sendeirismo sempre e cando sexan homologadas.
 - Promoción turística do territorio.
 - Proxectos que teñan como finalidade a redución da contaminación e o paso a unha economía baixa en carbono ou que teñan por finalidade a realización dun proxecto piloto demostrativo de tecnoloxía cara unha economía verde baixa en carbono.
 - No GDR Ulla Tambre Mandeo, serán proxectos de prioridade BAIXA, financiados entre un 30% e un 50% do investimento subvencionable, os seguintes:
 - Calquera outro non recollido nos ítems anteriores.

8. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Establécense as seguintes limitacións sectoriais por razóns de coherencia de complementariedade con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego:

- Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería, rexerá o convenio de

colaboración asinado entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Para os investimentos no sector das enerxías renovables: queda excluído de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020 calquera tipo de investimento en enerxías renovables para venda á rede.
- No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos, no ámbito do comercio polo miúdo (neste caso, non se subvencionará a adquisición de mercadorías destinadas á venda) e no ámbito da realización de investimentos en centros sociais (cun límite máximo de axuda de 50.000€); rexerán as normas de xestión determinadas na Estratexia de Desenvolvemento Local de cada GDR.
- Os investimentos que consisten na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader Galicia 2014-2020.
- Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000 € por proxecto.

USO INTERNO